


**Reganosa duplicará a produción.** A central situada na ría de Ferrol comezou o proceso de licitación para xerar 825.000 metros cúbicos de gas á hora, cando actualmente se limita a 413.000. As obras, previstas no borrador da planificación enerxética do Ministerio de Industria para o período 2007-2016, custarán en torno a 16 millóns de euros e a empresa prevé que estean rematadas en 2013. ●



# O capital galego aposta pola eólica

Manuel Jove, Jacinto Rey e Roberto Tojeiro poxarán no concurso da Xunta para adxudicar as novas concesións

**Xurxo González**

O pasado 18 de marzo iniciouse o prazo de presentación de solicitudes de autorización de parques eólicos. O Diario Oficial de Galicia publicou nesa data a orde na que se determina o obxectivo de potencia eólica máxima (2.325 megavatios) para o período 2008-2012. As empresas ou grupos interesados en facerse cunha parte do negocio eólico en Galiza disporán dos próximos tres meses para achegar os seus anteprojectos.

Nas últimas semanas os movementos para situarse na grella de saída desta carreira foron patentes e as posibles alianzas foron evolucionando até datas moi recentes. As máis sonadas están a ser protagonizadas polo capital galego. Construtoras, naveiras e compañías alimentarias concorrerán ben en conxunto, ben por separado, ao concurso lanzado pola Consellaría de Innovación e Industria.

**JOVE, REY, TOJEIRO.** Algúns dos empresarios máis recoñecidos da Comunidade apostan pola enerxía eólica. Manuel Jove, que está acaparando moita atención polos diversos destinos que lle dá á súa fortuna (que se cifra en torno aos 3.000 millón de euros), creou Gaelsa, na que involucrou como socios a outros empresarios da órbita da Coruña como José Manuel Cortizo, Epifanio Campo e Manuel Añón. Este grupo anunciou a intención de abrir unha fábrica que produciría o 85% dos compoñentes dos aerogeneradores, e que abastecería o mercado galego ademais de exportar a Europa, África e América.

A construtora San José, que dirixe Jacinto Rey, competirá en solitario no concurso eólico. Hai algúns meses algúns medios daban por seguro que o faría asociada con Coren e coa construtora ourensá Copasa. Finalmente, a empresa pontevedresa non terá compañeiros de viaxe e incluirá na saída a bolsa a nova división San José Energía.

Manuel Gómez Franqueira (Coren) e José Luís Suárez (Copasa) aliáronse finalmente con Roberto Tojeiro Díaz, presidente de Gadisa e impulsor de Reganosa. A empresa resultante, Andavia Renovables SA, aspira a conseguir 1.250 megavatios na nova adxudicación. Outros actores galegos interesados no reparto eólico que terá lugar a comezos de 2009 son Amancio Ortega e Rosalía Mera (Inditex), Cupa Pizarra, Antonio Vidal (Vidal Armadores) e José Alberto Barreras, copropietario do estaleiro Vulcano e presidente da construtora de orixe canario Montebalito, que conta cunha división dedicada ás enerxías renovábeis.

**OPOSICIÓN DAS MULTINACIONAIS.** Os empresarios galegos citados terán que competir coas multinacionais que dominan actualmente o sector en Galicia. O 90% da potencia instalada actualmente no país está xestionada polos socios da Asociación Eólica de Galiza (EGA, nas siglas en inglés). Entre os seus socios cóntanse empresas punteiras no sector como Acciona, Endesa, Unión Fenosa, Grupo Elecnor, Iberdrola, Vestas ou Gamesa. O novo decreto inclúe dúas disposicións que desataron a oposición destas empresas. Por unha parte, o decreto outórgalle prioridade aos proxectos que inclúan no seu accionariado á Administración Autonómica ou outras entidades públicas, como os concellos. Por outra, concédelle á Consellaría a potestade para notificar a caducidade das concesións establecidas baixo o anterior decreto que regulaba o sector, e que data de 2001.

Endesa e a multinacional xaponesa Eurus (que posúe a metade das accións de Norvento, unha das promotoras eólicas con parques en funcionamento en Galiza) optaron pola vía xudicial para evitar que lles sexan revocadas as súas concesións. A Consellaría que dirixe Fernando



Alto de Paxareiras -por riba de Carnota- con Fisterra ao fondo.

X. TABOADA

**Na actualidade, case o 90% da potencia está controlada por grupos foráneos**

Blanco ten outra fronte aberta en forma de catro recursos contencioso-administrativos contra a totalidade do decreto, que fo-

ron presentados por Endesa, Enerfin (participada polo Grupo Elecnor e Caixanova), Gamesa e Adelanta Corporación (a antiga HGP dos empresarios ourensáns Ramón Vázquez Conde e Antonio Vázquez Fernández). Fontes da Consellaría afirman que estes procesos non entorpecerán o proceso de adxudicación da nova potencia, que seguirá o seu curso normal. ●

**Outros actores galegos** interesados no novo reparto eólico son Amancio Ortega e Rosalía Mera (Inditex), Cupa Pizarra, Antonio Vidal (Vidal Armadores) e José Alberto Barreras

## Control sobre un gran potencial

O vicepresidente da Xunta, Anxo Quintana, afirmou na presentación da orde que fixa a potencia máxima para o período 2008-2012 (6.500 megavatios instalados en total) que "a nova política eólica promovida por este Goberno permitirá, por un lado, dar cumprimento ás recomen-

dacións europeas e internacionais en materia enerxética e, por outra banda, vainos permitir mirar polo noso". A responsabilidade social do modelo de explotación desta enerxía, no que Galiza é unha potencia mundial polas características da súa xeografía e climatoloxía, é o cerne fun-

damental do discurso da Xunta ao respecto. Aínda así, diversas organizacións sociais (veciños e ecoloxistas) xulgan que o decreto non protexe suficientemente o medio natural e os dereitos dos propietarios dos terreos sobre os que se asentan os parques. ●